

TRES CORES: AZUL

[Krzysztof Kieslowski, 1993]

93

ESTREA EN NUMAX: 16.03.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Trois couleurs: Bleu (1993, 98')

Dirección: Krzysztof Kieslowski

Guión: Krzysztof Piesiewicz, Krzysztof Kieslowski

Reparto: Juliette Binoche, Benoît Régent, Florence Pernel, Charlotte Véry, Hélène Vincent, Philippe Volter, Claude Duneton, Emmanuelle Riva, Hugues Quester

Montaxe: Jacques Witta

Dirección de arte: Michel Charvaz

Vestuario: Naima Lagrange, Virginie Viard

Son: Claire Bez, Bertrand Lenclos, Jean-Claude Laureux

Música: Zbigniew Preisner

Fotografía: Slawomir Idziak

Produtora: MK2 Productions, France 3 Cinéma, CED Productions (Francia), CAB Productions (Suíza), Zespol Filmowy (Polonia)

Distribuidora: Wanda Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85 : 1

PREMIOS

Venecia 1993 (mellor filme, dirección e fotografía), César 1994 (mellor actriz, montaxe e son), Goya 1994 (mellor filme europeo)

FILMOGRAFÍA

Tres cores: vermello, 1994

Tres cores: branco, 1994

Tres cores: azul, 1993

La doble vida de Verónica, 1991

Decálogo (1-10), 1990 [TV]

No amarás, 1988

El aficionado (Amator), 1979

SINOPSE

Nun accidente de coche, Julie perde o seu marido Patrice, un prestixioso compositor, e a súa filla Anna. Ao recuperarse das súas lesións, decide comezar unha nova vida, independente, solitaria e anónima, arredada dos privilexios que antes gozaba. Olivier, o axudante de Patrice, tenta sacala do seu illamento.

«Kieslowski pasa olímpicamente dos alegatos trillados e reflexiona sobre o prezo que temos que pagar para acadar unha meta tan ansiada polo ser humano como é a liberdade»

Manel Carrasco. FILMIN



TRES CORES: AZUL

[Krzysztof Kieslowski, 1993]

A selección de actores por Krzysztof Kieslowski

O proceso de traballo cun actor é unha especie de proceso participativo que leva certo tempo. É moi diferente cando o texto se escribiu para un determinado actor, coñecemos o seu rostro, habilidades e personalidade, que se non sei quen vai interpretar o personaxe. Se escribo para un persoa en concreto debo comezar a traballar moito antes de escribir o guión, contactar e falar con ela, saber se pode dedicar tempo ao proxecto e se pode confiar nela. En ocasións mesmo consulto aos actores se cambio a dirección dunha escena en base ás motivacións psicolóxicas do personaxe. A personalidade do actor tamén ten a ver coa súa presenza na pantalla. Unha vez fixen un experimento filmando un grupo grande de persoas e, por algunha razón, a atención do público centrábase nunha en concreto. Nese momento esa persoa acadaba existencia na pantalla, queres saber máis dela, ver as súas reaccións, escoítala falar. Esta persoa adquire personalidade. Ademais, o público debe empatizar e preocuparse por ela. E finalmente é importante atopar unha certa similitude entre personaxe e actor, na súa actitude e filosofía fronte á vida. Se o filme é sobre a relixión, a súa relación con Deus. Se non se fala de Deus, a súa actitude cara ao que considere máis importante na vida: os nenos, os pais, o país, o lugar no que está a vivir...

Fragments dunha masterclass para directores mozos. Amsterdam 1994. Extraído de: https://www.youtube.com/watch?v=6Gp9z0N_hQ0
Tradución: Xan Gómez Viñas

* * *

Tres cores: Azul

Por Lee Hill

Ao igual ca no *Decálogo* (1990) que está inspirado nos dez mandamentos, Krzysztof Kieslowski bota man

dun concepto simple, case efectista, para crer unha serie de filmes persoais maxistralmente executados. Ostensiblemente inspirada nas cores da bandeira francesa —que representan a liberdade, igualdade e fraternidade—, a triloxía debe parte do seu éxito á determinación do seu autor por explorar as connotacións políticas menos obvias deses ideais. Tal e como explicou o cineasta nunha entrevista con Danusia Stok, o principio reitor da triloxía é «que sentido teñen estas tres palabras hoxe, nun plano máis humano, íntimo e persoal ca social ou político».

Neste primeiro filme, o tema da liberdade encádrase na historia dunha novelista de éxito cuxo estado de consciencia muta por mor dunha traxedia familia, respondendo á perda cunha ruptura de calquera conexión co pasado. De xeito semiautomático pon a casa familiar á venda para se mudar a París, mergullándose nun mundo de soidade e anonimato puntuado por unha apática rutina que consiste en comer, durmir e ocasionalmente facer exercicio. Aqueles que vexan *Azul* por vez primeira poden preguntarse como podería a protagonista ten tempo para nocións abstractas como a liberdade cando loita cunha dor case incomprendible.

Porén, en *Azul* Julie aprende a redefinir a liberdade como calquera acción que a libere da memoria dos seus familiares mortos. A subxectividade do seu razoamento emocional transmítese por medio dun hábil emprego dos filtros azuis en diversas escenas nas que Julie se atopa soa. Curiosamente o mundo externo do negocio e a familia adoitámolo ver a través dun filtro amarelo pálido. Cando Julie comeza a se reenganchar Kieslowski e o seu cámara, Slawomir Idziak, empregan este esquema cambiante de cores. O azul deixa de ser a cor do estado depresivo de Julie para se converter nun signo de esperanza, un desexo por crear e vivir plenamente. A liberdade individual, argumenta Kieslowski, non serve de moito sen a esperanza, o sentimento dun propósito vital que vaia máis aló da mera supervivencia.

Extraído de: <http://sensesofcinema.com/2007/cteq/three-colours-blue/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Lacrimae Rerum. Slavoj Žižek
Orfeu Negro, 2013

La doble vida de Krzysztof Kieslowski.
Joanna Bardzinska. Nosferatu, 2015

Azul. Historia de un color.

Michel Pastoreau. Paidós, 2010

The Cinema of Krzysztof Kieslowski: Variations on Destiny and Chance.

Marek Haltof. Wallflowers Press, 2004

Le hasard et autres textes. Krzysztof Kieslowski / Maria & Marta Kieslowska.
Actes Sud, 2001

La doble vida de Verónica. Avalon [DVD]

No matarás. Cameo [DVD]

Kieslowski. El decálogo.

RMN-Grand Palais [DVD]

Krzysztof Kieslowski's The Decalogue.
Facets [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org